

13 de novembro de 2023

Estimadas familias,

O **16 de novembro de 2023** está convocada unha folga xeral polo Sindicato de Estudiantes, que abarcará a totalidade da xornada lectiva de ese día, para amosar a súa solidariedade co pobo palestino e o rexeitamento do xenocidio en Gaza.

A folga foi convocada dacordo ao Artigo 8 párrafo 2 da Lei 8/1985 "En los términos que establezcan las Administraciones educativas, las decisiones colectivas que adopten los alumnos, **a partir del tercer curso de la educación secundaria obligatoria**, con respecto a la asistencia a clase no tendrán la consideración de faltas de conducta ni serán objeto de sanción, cuando éstas hayan sido resultado del ejercicio del derecho de reunión y sean comunicadas previamente a la dirección del centro."

Tendo en conta a lexislación mencionada:

- **O alumnado a partir de 3º da ESO ten dereito** a participar na folga e deberá comunicar ao Centro a súa intención de secundala, entregándolle ao seu titor/a o formulario correspondente (que poderá recoller na Conserxaría) debidamente asinado. O pai/nai/titor/a legal deberá xustificar a correspondente falta. Igualmente, non poderá presentarse no Centro o alumno/a ao longo de toda a xornada lectiva.
- **O alumnado de 1º e 2º da ESO** pode non asistir a clase e xustificar a falta a posteriori, pero **non ten dereito** á ausencia colectiva a clase previa comunicación.
- O Centro docente garantirá o dereito a asistir a clase, e a permanecer no Centro debidamente atendido, ao alumnado que non desexe participar na folga.

O equipo directivo